

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013618	CEIP de Figueiroa	A Estrada	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	9
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	9
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	9
6. Medidas de atención á diversidade	10
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	12
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

1. Introducción

O ensino da área de Relixión Católica é unha materia propia escolar dotada de rigor científico, refrendo legislativo e pedagoxico cun carácter formativo nos seus contidos e métodos cunha significación educativa no conxunto do programa escolar.

A área de Relixión Católica é unha materia curricular cun marcado acento cultural, que presta un servizo a sociedade no marco das finalidades propias do ensino escolar transmitindo as competencias clave e as competencias específicas andamiadas polos coñecementos que aofndan na propia identidade e desenvolvemento da vida cristiá.

Esta programación toma como base a dignidade da persoa e ten como horizonte un proceso educativo integral que eduque persoas autónomas, libres e solidarias. Está confeccionada para o CEIP De Figueiroa sito no concello da Estrada na provincia de Pontevedra para educandos que abarcan un entorno rural e urbano.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconhecimento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Cidade Biblia	Os educandos descubren a Deus Pai por medio da biblioteca que nos informa de El.	30	10	X		
2	GPS	Os educandos descubren a Xesús de Nazaret como xeito de orientación na vida actual	40	15		X	
3	Casa común	Os educandos descubren a Igrexa por medio das súas realizacións	30	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Cidade Biblia	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	Os educandos deben poder observar tres relatos bíblicos con valores de autonomía e responsabilidade na clase	PE	80
CA1.7 - Relacionar algunhas pasaxes bíblicas con expresións artísticas, servíndose da observación e análise, para potenciar a creatividade e a comunicación a través de diversas linguaxes.	os educandos deben relacionar tres paxases bíblicos con expresións artísticas en diversos formatos		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Os educandos deben poder conectar o Antigo Testamento cos Evanxeos na vida actual		
CA1.12 - Valorar a Biblia como libro sacro e como narración do encontro de Deus coa humanidade, descubrinto o seu lugar na comunidade cristiá e na cultura.	Os educandos deben poder recoñecer a Biblia como o encontro de Deus coa humanidade		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconhecimento persoal e as vivencias dos outros.	Os educandos deben poder conectar a súa interioridade por medio de tres biografías cristiás	TI	20
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Os educandos deben poder identificar e compartir vivencias relixiosas por medio de personaxes relevantes da tradición xudeocristiá		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano. - Vivencias e sentimentos da experiencia interior e da corporalidade. - Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus. - Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiás e a súa procura da felicidade. - A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Recoñecemento da oración como medio privilexiado de comunicación con Deus. O Painoso. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo. - A alianza de Deus co pobo de Israel e o seu proxecto de humanidade. - A Biblia como fonte de inspiración artística ao longo da historia. - A beleza como expresión da Creación e da experiencia relixiosa. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus. - Biografía significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica. - Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	GPS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Os educandos deben poder localizar algunhas situacións de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade en persoas desfavorecidas e recoñecer a preferencia de Xesús por esas persoas	PE	35
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconocemento persoal e as vivencias dos outros.	Os educandos deben poder tomar conciencia da súa interioridade por medio de biografías cristiás significativas		
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	Os educandos deben poder localizar tres características que define un autoconceito axustado a luz do Evanxeo	TI	65
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Os educandos deben poder localizar os vínculos con Xesús de Nazaret localizando principios e hábitos creando un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	Os educndos deben poder localizar actitudes de mediación e coidado do próximo e da natureza en palabras e accións de Xesús de Nazaret		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Os educandos deben poder mostrar manifestacións relixiosas do Nadal no Evanxeo		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Os educandos deben poder recoñecer a Xesús de Nazaret como centro da mensaxe cristián e valorar as achegas a persoa en tres exemplos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - Xesucristo, centro da mensaxe cristiá. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Relatos evanxélicos de compaixón, misericordia e perdón. - Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

UD	Título da UD	Duración
3	Casa común	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Os educandos deben poder localizar catro situacións cotiás que promoven a convivencia por medio de relatos bíblicos	PE	80
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Os educandos deben poder localizar manifestacións relixiosas na súa contorna e como estas reflectense no Evanxeo		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autocoñecemento persoal e as vivencias dos outros.	Os educandos deben poder localizar a figura de María con fin de tomar conciencia da súa propia interioridade	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Potenciación da propia creatividade mediante expresións artísticas que reflectan a mensaxe de diversos relatos bíblicos. - Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación. - Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Apreciación do valor relixioso e a riqueza cultural do Nadal, Semana Santa e outras celebracións como expresión da identidade cultural da nosa sociedade. - Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna. - Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes. - María, a Nai de Xesús. - A Igrexa como familia que vive e celebra a Boa Noticia anunciada por Xesús de Nazaret. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá. - O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo. - Actitudes e accións que promoven a fraternidade. - Biografías significativas que favoreceron a resolución pacífica de conflitos. - Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A miña linea metodolóxica busca propiciar un ensino baseado na comprensión, traballando, de forma integrada procesos asociativos e construtivos, nun clima de aprendizaxe cooperativo, no que a axuda didáctica vai axustada as necesidades do proceso construtivo (atención a diversidade), tanto no nivel de desenvolvemento persoal como social de xeito competencial, activo, autónomo, construtivo, crítico e coherente con valores democráticos e cristiáns.

Propónse unha metodoloxía centrada nas competencias clave e nas competencias específicas dun modo estratéxico, no que o mestre axuda os educandos a traballar os procesos, para esyimular a ZDP de xeito negociado, ofrecendo, nun principio axudas que, posteriormente vanse retirando na procura dun aprendizaxe autónomo e autorregulado, a través do que acheganse as construcións dos educandos o significado dos coñecementos escolares.

É unha metodoloxía centrada nas situacións de aprendizaxe enfocada o descubrimento, a investigación, a deliberación, que incide na necesidade de incentivar procesos reflexivos favorecedores do cambio conceptual.

Este proceso esta fundamentado en:

- A atención personalizada, na diversidade de actividades, estratexias e recursos outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo dos eduandos respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na realización de aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado a acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

- Esta programación ten como referencia un currículo competencial que promove o protagonismo dos educandos no seu propio aprendizaxe partindo, nas situacións de aprendizaxe, da experiencia concreta dos educandos e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural

- A programación vincúlase as metodoloxías activas que teñen en conta o itinerario pedagóxico e os obxectivos da área. As orientacións metodolóxicas harmonizarán as aprendizaxes propostos coas necesidades dos educandos.

- A atención personalizada. A persona, coa súa dignidade, ponse no centro de todos os procesos educativos mediante un proceso de acompañamento escolar

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

- Carpeta de plástico e/ou libreta D4 onde poidan levar ordenados os papepis para poder construír a súa "Biblia viva"
- Material funxible propio das tarefas escolares

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarese a cabo nas primeiras semanas de curso mediante:

- Revisión de informes do curso anterior, onde vaise recoller información do desenvolvemento de cada educando.
 - Recollida de información nas entrevistas iniciais do profesorado coas familias ou a través das tutorías, para coñecer datos relevantes sobre os educandos en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- A avaliación inicial vai aportar unha idea das capacidades e as actitudes dos educandos co obxecto de adecuar o proceso de ensino - aprendizaxe á realidade de cada educando e as súas posibilidades

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	40	30	100
Proba escrita	80	35	80	62
Táboa de indicadores	20	65	20	38

Criterios de cualificación:

- O 30% vai ser o traballo realizado na clase recollido nas libretas ou portafolios nas probas escritas
- O 30% vai ser as achegas e actitudes traballadas na clase valorando as actitudes traballadas por medio dos indicadores
- O 40% a realización práctica das tarefas o longo de todo o curso

Criterios de recuperación:

Os educandos recuperan as avaliacións coa avliación seguinte

6. Medidas de atención á diversidade

1. Atención individualizada a todos os educandos, para a detección precoz de necesidades específicas e o establecemento de mecanismos de apoio e reforzo
2. Vnse ter en conta os distintos ritmos e estilos de aprendizaxe
3. Establecense medidas de flexibilización, nos ensinós, espazos e capacidade de aprendizaxe sitas no Proxecto educativo.
4. As medidas están orientadas a permitir que todos os educandos acaden o nive de desempeño de acordo o Perfil de saída
5. Os mecanismos de apoio e reforzo vanse poñer en práctica tan pronto se detecten as necesidades
6. Adoptaranse medidas curriculares e organizativas para asegurar que os educandos poidan acadar os obxectivos e competencias

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital		X	

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.5 - Eprendemento social e empresarial			X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X		
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero		X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde	X		
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e consumo responsable	X		
ET.13 - Rseto mútuo e cooperación entre iguais	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Magosto	Coñecer ps froitos de outono e adquirir bos hábitos alimentarios	X		
Samain	Coñecer a tradición galega do Samain	X		
Día internacional da infancia	Dar a coñecer os deeitos da infancia e concienciar as persoas da súa importancia	X		
Día internacional contra a violencia de xénero	Adquirir conciencia de que este tipo de violencia e máis común do que parece	X		
Conmemoración da Constitución e do Estatuto	Dar a coñecer a Constitución e o Estatuto e coñecer os costumes e tradicións	X		
Festival Nadal	Coñecer o Nadal como unha festividade cultural	X		
Día Escolar da Non Vilencia e da Paz	Resaltar os principios democráticos de convivencia e exercicio da responsabilidade		X	
Día de Rosalía	Profundizar na figura e na obra desta galega universal		X	
Festival de Entroido	Coñecer as orixes de esta festa		X	
Día Internacional da muller traballadora	Ampliar o coñecemento de mulleres relevantes na historia		X	
Semana da Prensa	Integrar os medios de comunicación nas aulas por medio de xornadas		X	
Día Mundial da Saúde	Concienciar os educandos a importancia da preservación da saúde		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana do Libro	Fomentar o gusto pola lectura e a escritura			X
Día Internacional contra o Acoso Escolar	Concienciar os educandos sobre a importancia do acoso escolar			X
Semana das Letras Galegas	Resaltar a importancia da nosa literatura e a nosa lingua			X
Visita o 112 (Localidade9	Fomentar e informar de forma distendida e lúdica e axudar aos educandos a que o coñezan			X
Ecoparque (Marin)	Interese por coñecer o parque de xeito lúdico			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
- Fomentanse actividades encamiñadas a xestión emocional e da súa interioridade
Metodoloxía empregada
- Partese da experiencia concreta dos educandos e da súa realidade persoal
- Fomentase a curiosidade e promoveuse o pensamento autónomo
- Utiliza retos que promovan a motivación, a creatividade e o desenvolvemento das capacidades individuais dos educandos
- A metodoloxía empregada favorece a adquisición de aprendizaxes significativas por medio da participación activa
- Traballáronse diferentes métodos de observación e avaliación
- Tiveronse en conta as diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe de cada educando
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
- Os recursos utilizados foron adecuados as características dos grupos

Descrición:

Toda a programación descansa sobre a adecuación da programación e a metodoloxía empregada polo que necesita a súa validación constante para a súa eficacia

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación validase polo PROENS así como polos canles da mesma

9. Outros apartados